

PROGRAMACIÓN EDLG

PROPOSTAS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES CONCEPCIÓN ARENAL PARA A PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES. CURSO 2013-2014.

I. EXCURSIÓNS CULTURAI S FÓRA DA CIDADE DE FERROL:

1) "O escritor e a súa terra". Homenaxe ás xeracións poéticas de Posguerra, centrada nas figuras de Díaz Castro (Letras do 2014), Luz Pozo, Manuel María, Novoneyra...

-LUGAR: realización da visita e acto poético na Casa Museo Manuel María (Outeiro de Rei). Completarase con visitas en Lugo ao Centro de Interpretación da Muralla, Casa dos Mosaicos, catedral, etc.

-DATA: primeiro trimestre, 3 de decembro.

-CURSOS: 2º de bacharelato.

-Obxectivos: a lingua, a literatura en relación co entorno e a historia.

2) a) Celanova (Casa dos Poetas, mosteiro de san Salvador, Vilanova dos Infantes, Sta. Comba de Bande); b) ruta d'A Esmorga en Ourense.

-LUGAR: Celanova e Ourense.

-DATA: segundo ou terceiro trimestre.

-CURSOS: 1º de bacharelato.

-OBXECTIVOS: a parte do valor patrimonial, o alumnado poderá coñecer as figuras de poetas como Curros e Celso Emilio ou narradores como Blanco Amor.

3) "En tren coa lingua". Dúas posibilidades:

A) FEVE: Ortigueira - Espasante.

-DATA: terceiro trimestre.

-CURSOS: 1º e 2º de ESO.

-OBXECTIVOS: relacionar a lingua con actividades deportivas e lúdicas (xogos de praia, xogos populares...). Interacción co entorno inmediato.

B)RENFE: Betanzos (Museo das Mariñas, sta. M^a do Azogue...)

-DATA: no primeiro ou segundo trimestre.

-CURSOS: só para alumnado inscrito previamente no EDLG.

-OBXECTIVOS: lingüísticos (inscricións medievais), históricos e culturais.

II. ACTIVIDADES DE LINGUA E NATUREZA (SENDEIRISMO).

-Percurso polas Fragas do Eume (bac 1º e 2º).

- Andaina polo Mandeo (3º e 4º).

-Andaina polo Beelle (1º e 2º).

-DATAS: unha por trimestre.

-CURSOS: xuntaremos dous niveis por actividade.

-OBXECTIVOS: coñecemento da lingua a través da toponimia e dos nomes de plantas, árbores etc. Procurarase a colaboración de profesorado de Naturais.

III. OUTRAS SAÍDAS CULTURAIS :

-Representacións teatrais (pendentes da programación de CDG e outros organismos)

-Visita a exposicións (tamén pendentes de programación).

IV. ACTIVIDADES DA COORDINADORA DE EDLG:

Trátase de actividades programadas pola Coordinadora comarcal de Equipos de Dinamización da Lingua Galega na liña dos cursos anteriores: teatro, cinema, recitados, festival musical. Teñen data fixada polo momento:

- Teatro con G: o martes, 15 de outubro, no teatro Xofre para os primeiros de ESO.
- 29 de outubro, no Centro Cultural Carvalho Calero: RECITADO DE POESÍAS DO AUTOR OU DE TEMA LIBRE.

Ferrol, 29 de setembro de 2013

Asdo.: Manuel Rei Romeu,

Coordenador de Dinamización Ltca. do IES Concepción Arenal

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO IES CONCEPCIÓN ARENAL